

Espazos de representación e fórmulas do local.

Mamuel Outeiriño

Localidade é termo teórico do mesmo grao de abstracción ca moitos outros das ciencias sociais (Urry, 1995: 71). O termo localidade, implica amais a dificultade de defini-lo que sexa un espacio humano, social. Tratou a cuestión Ernst Cassirer no celmoso *Ensaio sobre o home*, primeiro dos libros que escribiu ó chegar ós Estados Unidos de América fuxindo da barbarie Nazi, que é unha caste de síntese do *magnun opus Filosofía das formas simbólicas*.

Dicía Cassirer (1997: 73-74): “Os filósofos tropezaron dende o principio coas maiores dificultades ó tratar de explicar e describi-la natureza verdadeira do espazo o abstracto e simbólico [...] Di Demócrito que o espacio é un non ser (*mé on*) e que ese non ser, porén, posúe verdadeira realidade; Platón, no *Timeo*, refírese ó concepto de espazo dicindo que é “*loguismós nózos*”, concepto híbrido, que dificilmente se pode describir en termos adecuados. Na ciencia e na filosofía modernas seguen sen resolver estas dificultades primeiras.”.

Vemos logo que, dende un punto de vista académico, etimoloxicamente académico, é máis ben irónico todo o teorizar das dúas últimas décadas sobre o local ou a localidade.

Con todo, non carecen de interese para a investigación empírica as aportacións dos antropólogos Augé (1992) e Appadurai (1996) sobre os procesos que, de xeito continxente, constitúen os lugares. Tampouco se poden desatende-las indicacións dos xeógrafos David Harvey, E. W. Soja e Doreen Massey. Ou dos sociólogos Scott Lash, Craig Calhoun e Manuel Castells<sup>1</sup>.

#### Críticas da concepción naturalista do espacio

E. W. Soja (1996: 53-82) falou da “*trialéctica do espacio*” (espacialidade vivida, percibida e concebida) por analogía á *trialéctica do ser* (historicidade, espacialidade, socialidade). A concepción de Soja deriva da exposición tamén triádica da obra *A produción do Espacio* de Henri Lefebvre: práctica espacial (espazo percibido), representacións do espazo (espazo concibido) e espazos de representación (espazo vivido). A análise crítica do espazo de Edward W. Soja ten por obxecto evita-la “*transparencia*” ou concepción naturalista do espazo.

Tamén contra a concepción naturalista da localidade, e sobre as condicións de produción de localidade, escribiu o antropólogo Arjun Appadurai (1996: 178-199).

As técnicas culturais producen espazo (Berland, 2000). Máis preocupante é que as técnicas culturais das tecnoculturas mercantís e das culturas promocionais (Wernick, 1991) produzan espazos de lixo ou o que o arquitecto de Rem Koolhaas, autor do recente pazo da música do Porto, chamou “*junkspaces*”, quere dicir, espazos de lixo.

A cuestión da condición do lugar, ou do que sexa local –condición continxente, segundo as indicacións de Augé (1992), Urry (1995) Soja (1996), Appadurai (1996) e Berland (2000)- relacionouse dende hai tempo co estudo das comunicacións. Os interesados nas culturas urbanas e nos xornais non han esquecerlo magnífico e sinxelo estudio de Morris Janowitz (1962) verbo da Prensa comunitaria en enclaves urbanos (*Community Press in Urban Setting*). Os máis amantes das tópicas do pensamento social do século vinte poden lembra-las palabras graciosas de Ortega y Gasset quen, na *Rebelión das Masas*, xa mesmo parecía teorizar sobre o que arestora chamamos “*globalización cultural*”:

“El imperio de las masas y el ascenso de nivel, la altitud del tiempo que él anuncia, no son a su vez más que síntomas de un hecho más completo y general. Este hecho es casi grotesco e increíble en su misma y simple evidencia. Es, sencillamente, que el mundo, de pronto, ha crecido, y con él y en él la vida. Por lo pronto, ésta se ha mundializado efectivamente; quiero decir que el contenido de la vida en el hombre de tipo medio es hoy todo el planeta; que cada individuo vive actualmente todo el mundo. Hace poco más de un año los sevillanos seguían, hora por hora, en sus periódicos populares, lo que estaba pasando a unos hombres junto al Polo; es decir, que sobre el fondo ardiente de la campiña bética pasaban témpanos a la deriva. Cada trozo de tierra no está ya recluso en su lugar geométrico, sino que para muchos efectos vitales actúa en los demás sitios del planeta. Según el principio físico de que las cosas están allí donde

<sup>1</sup> Para a crítica da concepción dos espazos sociais de Manuel Castells, véxase Marcuse (2003: 481-483).

actúan, reconecemos hoy a cualquier punto del globo la más efectiva ubicuidad. Esta proximidad de lo lejano, esta presencia de lo ausente, ha aumentado en proporción fabulosa el horizonte de cada vida.”  
Ortega (1998: 154).

A ordenación técnica do mundo (ou ordenación tecnolóxica do mundo e, daquela “a nova ordenación metafísica do mundo”, pois non ten dúbida que a tecnoloxía é a metafísica da era post-atómica) argalla con velocidade a mediación dos lugares<sup>2</sup>. A ordenación técnica (e tecnocrática) do mundo adoita definir institucionalmente o local a prol do beneficio mercantil de instalacións técnicas e exhibicións de *Kulturindustrie* con gran velocidade. A velocidade de mediación e de instalación, a velocidade política da xestión mercantil, moi probablemente dificulta o progreso. Lembróunolo Scott Lash, no recente *Critique of Infomation*<sup>3</sup>. Con todo, hai quen celebra irónicamente a contribución da xestión técnica á sincronización do mundo e apunta mesmo a posibilidade de que produza una “espiral de felicidade” e unha “semiosfera global que funcione á maneira *circulus virtuosus*”, como é o caso de o agudo e provocador Peter Sloterdijk<sup>4</sup>.

Cabe preguntármolos qué relación se dá entre os espazos de representación e o espazo existencial<sup>5</sup>. Para moita xente, para os individuos e grupos que compoñen a “clase non global”, o espazo existencial é limitado. Michael Peter Smith (2002: 109) apuntou hai pouco que os esquemas usados polo chamados “estructuralistas urbanos”, D. Harvey e M. Castells para conceptualizar a relación local-global reifican os termos teóricos da dialéctica privilexiando sardónicamente o local a xeito de lugar da cultura ou “comunidade”, mentres fan do global o espazo económico do capital e maila información. Pero o privilexio do local a xeito de lugar da cultura ou da “comunidade” é, lembrémolo, privilexio sardónico, marxicante (e, por parte, implica unha concepción simplista e un tanto resesa da dialéctica ou par cultural/estructura que era propia da socioloxía funcionalista, amais dunha concepción esencialista da cultura coma a que o antropólogo Jonathan Friedman (1995) lle criticou ó antropólogo Hannerz (1990).

Toda acción humana, ou social, funciona simultaneamente en distintas instancias e escalas, por iso convén lembra-la seguinte indicación de Smith (2002: 118): “Á vista de que a acción humana funciona en escalas espaciais múltiples, e non se restrinxe a formacións socioculturais ou territoriais “locais”, o propio concepto do urbano require logo reconceptualización a xeito de espazo social que é punto de encontro preñe das relacións recíprocas de diferentes prácticas localizadoras de actores de escala rexional, nacional, transnacional e mesmo global, segundo esas redes máis amplas de significado, poder e práctica social van entrando en contacto con redes, prácticas e identidades máis puramente locais.” Tamén apunta Smith (2002: 119): “En grao considerable, a resultados da interconectividade transnacional crecente entre localidades, mesmo o “local” foi transnacionalizándose, segundo os modos de comunicación transnacionais, as correntes migratorias e as formas de intercambio económico e social desprazan e recolocan decontino os espazos de produción cultural.”

Preocúpanos a transnacionalización do local, pois a instalación de reservas de recursos técnicos que benefician á banalización do espazo social e fomentan a instalación das dinámicas simbólicas que

---

<sup>2</sup> Vid. Heidegger (1988: 114-116).

<sup>3</sup> Di Lash (2002 18-19): “Superman, o extraterrestre, era máis rápido ca unha bala. As formas técnicas de vida tamén son rápidas. Por veces son tan rápidas coma a velocidade da luz. Son máis rápidas ca metanarrativa ningunha. O tempo cíclico, segundo indicou Max Weber, é verdadeiramente lento. O tempo narrativo (sexa o da novela, o da narración biográfica ou o da metanarrativa do progreso) é ben máis rápido. O tempo técnico non refuga as metanarrativas, déixaas atrás. O tempo técnico non se ocupa moito de cuestiona-lo progreso, está afastado de máis do progreso. Cre no progreso, máis é rápido de máis para el. Agora imos cada vez mellor, mesmo máis rápido do que na noción *Whig* (ou “progresista”) da historia. Melloramos con tal rapidez no tempo técnico que a propia mellora se pon en cuestión.”

<sup>4</sup> Vid. Sloterdijk (2001)

<sup>5</sup> Di tamén Lash (2002: 15) : “O espazo neutral e independente do observador científico pode ofrecer, segundo indicou Kant, coñecemento epistemolóxico das aparencias das cousas (quere dicir, causa e efecto, explicación). Porén, experimenta-las cousas, ó estar no mundo da vida con elas, pode abrimos ó coñecemento das cousas en si. Coñece-las cousas en si, non é coñecer epistemolóxicamente, senón coñece-las cousas nas súas estruturas ontolóxicas. Esta caste de coñecemento das estruturas máis fondas, ontolóxicas, é tamén crucial para Freud, sendo nos seus textos a cousa en si o inconsciente, e para Marx, sendo nos seus textos a cousa en si a clase (*Klasse-an-sich*). Entón, nas formas de vida, o coñecemento ten lugar no mundo da vida, por medio do suxeito que se entende como vida (o corpo, o interese da clase, o inconsciente, a vontade de poder). Ó xa non estar por riba das cousas, senón no mundo e coas cousas, defrontámonos non coa epistemoloxía e mailas aparencias, senón con estruturas ontolóxicas máis fondas.” Lash (2002: 15) engade, poucas liñas máis adiante: “En calidade de natureza técnica, teño que navegar pola cultura técnica. A cultura técnica é constitutivamente cultura *a certa distancia*. As formas de vida viran formas de vida *a certa distancia*.”

benefician á hexemonía da clase capitalista transnacional (Sklair, 2001) non é arela ningunha da sociedade civil nin preferencia dos investigadores críticos.

De por parte, hai quen considera esperanzador o espazo local. Fíxoo Arif Dirlik (1996) que, amais, propuña distingui-lo “localismo crítico” do que sexa o localismo a xeito de articulación ideolóxica do capitalismo na fase actual (Dirlik, 1996: 22).

Hai dous apuntamentos de Dirlik (1996: 23) que me parecen moi pertinentes. Di (Dirlik, 1996: 23) que o localismo nunca desapareceu nin no senso “tradicional” nin no moderno, senón que máis ben foi suprimido ou, no mellor dos casos, marxinado nas diferentes ideoloxías da modernidade. O localismo non fala de doenza incurable ningunha que deba ser vencida tarde ou cedo e non hai nel nada inherentemente indesexable. O que fai que o pareza é certa consciencia histórica que identifica civilización e progreso coa homoxeneización política, social e cultural e que xustifica a supresión do local en nome do xeral e mailo universal. A segunda indicación de Dirlik (1996: 24) é que nos procesos de descolonización do terceiro mundo houbo grande preocupación polas sociedades locais e que daquela, case irónicamente, “a sociedade local aparecería tamén como fonte de identidade nacional, contra o cosmopolitismo dos centros urbanos que se apoian cada vez máis na cultura global do capitalismo”.

### Diferenza e fluidez dos lugares

Moitos entendemos que o local non é o lugar último de realización e penetración das estratexias políticas de homoxeneización, poño por caso as do fascismo castelán recentemente lembradas en Cataluña por Harold Bloom (2002). Non entedemo-la marxinação cínica á que se someten línguas coma a galega, que produciu o marioloxio máis extenso das literaturas europeas medievais e que segue a sobrevivir ás estratexias homoxeneizadoras do estado español e dos desleigados, pero que non é oficial na comunidade de mercaderes europeos, e que non empregan os nacionalistas españois que perseguiron e asasinaron ós nosos no golpe fascista do trinta e seis.

Sobre a especificidade do lugar escribiu Doreen Massey (1993: 68): “A especificidade do lugar reproducese de contino, mais non é especificidade que resulte de ningunha historia longa e interiorizada. Hai certo número de fontes desa especificidade, da singularidade do lugar (Massey, 1984). Cómpre ter en conta o feito de que as relacións máis amplas nas que se insiren os lugares son relacións espaciais internamente diferenciadas. Contra o que se di nalgúns dos debates de estudos de cultura e comunicación, a globalización non só implica homoxeneización.”

Doreen Massey propón concebir fluidamente os lugares, o espazp humano. Critica, por unha banda, a noción de compresión espazo-temporal debida a David Harvey (1989), e advírtenos contra a tendencia a crer que a implosión do espazo e tempo coa que Harvey caracterizara a postmodernidade sexan igualmente accesibles a todos<sup>6</sup>. Massey (1993: 61) insistiu en que os diferentes grupos sociais e individuos están en posicións moi dispares a respecto dos fluxos e conexións recíprocas que constitúen o que algúns chaman a globalización do capital e da cultura<sup>7</sup>. A xeógrafa mantén que nas formas sociais actuais, máis do que “compresión espazo-temporal”, dase unha “xeometría de poder” ou diferenciación social complexa. Hai nela a dimensión do grao de movemento e comunicación, mais tamén as dimensións de control e iniciativa<sup>8</sup>. As dimensións de control e iniciativa da xeógrafa Massey son, no meu ver,

---

<sup>6</sup> Di Massey (1993: 61), para defini-lo que chama xeometría de poder ou xeometría de poder da compresión espazo-temporal, que “os distintos grupos e individuos están situados de maneiras moi distintas en relación ós fluxos e interconexións. A precisión non só ten relación coa cuestión de quen se dá movido e quen non, senón que é un elemento importante da xeometría de poder; ten relación logo co poder en relación ós fluxos e ó movemento. Os diferentes grupos sociais teñen relacións distintas coa mobilidade dalgún xeito diferenciada; algúns son máis responsables dela ca outros; algúns inician os fluxos e movementos, outros non; algúns están máis no punto de recepción ca outros; algúns están efectivamente atrapados ou aprisionados neles.

En certo senso, ó cabo do espectro están os que levan a efecto o movemento e maila comunicación e que dalgún xeito están en posición de control. [...] Porén, hai grupos que, aínda que levan a cabo moito movemento físico, non “son responsables” do movemento do mesmo xeito: os refuxiados de El Salvador ou Guatemala e os traballadores emigrantes indocumentados de Michoacán que se amorean en Tijuana para face-lo intento quizais fatal de atravesala fronteira dos Estados Unidos por ver de te-la oportunidade dunha vida nova.”

<sup>7</sup> David Harvey (2000) deu razóns hai pouco para preferi-lo termo “desenvolvemento económico-xeográfico desigual” á expresión “globalización do capital e da cultura”. Manteño a expresión por mor de me cinxir ó texto de Massey, mais comparto as razóns de Harvey.

<sup>8</sup> Massey (1993: 62) indica que, do mesmo xeito que hai individuos e grupos sociais que xeran movemento e que o comunican, hai tamén os que están no outro cabo: “Hai aqueles que están sinxelamente no punto de recepción da compresión espazo-temporal. O pensionista nunha pensión dalgún barrio vello do centro, que come peixe e patacas fritidas dun autoservicio chinés, ve filmes estadounidenses nunha televisión xaponesa e non se atreve a saír en canto escurece. Amais, cortáronlle o transporte.

Ou, para pór un exemplo final que ilustra outro tipo de complexidade, hai xente que vive en favelas en Rio; que coñece o fútbol mundial coma a palma da man, que produciu algúns deses xogadores, que contribuiu masivamente á música global, que nos deu o

parellas ás que Teun A. van Dijk (1993) propuxo estudar nas estratexias xornalísticas descritas no artigo *Discurso, poder e acceso*.

Massey propuña retrata-las localidades segundo distintos procesos, pois dicía que os lugares adquiren a correspondente particularidade non por razóns de historia longamente interiorizada, nin pola sedimentación do carácter, senón por causa das interaccións e articulacións específicas das “relacións sociais, procesos sociais, experiencias e concepcións” contemporáneas que se unen en situacións de copresencia. Amais, para Massey (1993) os lugares non teñen unha identidade só, senón moitas e disputadas. Os argumentos de Massey lémbrenme neste aspecto a noción de *disemia* debida ó antropólogo Michael Herzfeld (1984).

Indicárase xa que son moitas as críticas contra as concepcións “naturalistas” da localidade. Augé (1992:65) escribiu que “tra-las ideas de totalidade e de sociedade localizada atópase tamén a de certa transparencia (ou isomorfismo) entre cultura, sociedade e individuo”. Engade logo Augé (1992: 67): “As colectividades (ou os que as dirixen), igual cós individuos que se vinculan a elas, teñen as necesidades simultáneas de pensa-la identidade e maila relación e, para facelo, de simboliza-los constituíntes da identidade compartida (polo grupo en conxunto), da identidade particular (de tal grupo ou tal individuo en relación ós outros) e da identidade singular (do individuo ou do grupo de individuos na medida en que non se parecen a ningún outro).”

Smith (2002) critica con razón sobrada as concepcións naturalistas da “localidade” que conciben o local a xeito de formación comunitaria defensiva. Di (Smith, 2002: 127) que os esquemas estruturalistas dominantes que usaron para conceptua-la conexión global-local teóricos urbanistas guieiros coma Harvey e Castells tenderon a reifica-los termos desa dialéctica. No facer tal, reproduciron marcos binarios totalizadores nos que se equipara o global co abstracto, universal e dinámico (quere dicir, co “capital”), mentres que o local se inviste de concreción, particularidade, e estabilidade ameazada (quere dicir, comunidade). Tal discurso do capital contra da comunidade ameaza a priori o global a xeito de forza social opresiva á vez que constrúe (ou concibe) as localidades en termos máis positivos, aínda que máis estáticos e mesmo anémicos”.

### Concepción antropolóxica do lugar

Os antropólogos Marcus e Fischer (1986) conciben o contacto e maila comunicación a xeito de proceso que se dá entre “sociedades” e “a través de culturas”, máis do que entre localidades con vínculos transnacionais, localidades que teñen tamén relacións de poder e significado xeradoras de diferenza específica histórica.

Para Marcus e Fischer (1986), como tamén para Friedman (1994) as culturas inscríbense nun contexto global. Gupta e Ferguson (1997) criticaron a noción de “contexto global” de Marcus e Fischer e indicaron que “máis ca establece-la relación dialóxica entre sociedades xeográficamente diferentes, o importante é explora-lo proceso de produción da diferenza nun mundo de espazos interdependentes e conectados no cultural, social e económico.”

---

samba e produciu a lambada que todos bailaban hai uns anos en Londres e que nunca, ou case nunca, foi ó centro de Rio. En certo nivel, foron grandes contribuíntes ó que chamamos “compresión espazo-temporal”, noutro nivel está aprisionados nela.”

As indicacións de Massey verbo da “xeometría de poder”, fannos lembrar que a noción de “lugar” e as formas do local non son alleas ás cuestións de clase. Apuntouno moi claramente John Urry (1995: 180): “Boa parte da chamada loita de clases é loita polo lugar no que todo tipo de grupos sociais compiten para impor ou para prever que outros impongan diferentes transformacións do lugar. Os lugares non se poden reducir só a procesos sociais de grande escala. Son importantes por dereito propio, e representan moitas das cousas polas que de feito se loita na chamada loita de clases (véxase Urry, 1995, para unha análise moito máis detallada desta cuestión).

Máis recentemente, chegamos a apreciar que mesmo os procesos de grande escala son particularmente imporantes para o lugar. Xa se indicou que hai diferentes tipos de fluxo global, non só os de capital ou inmigrantes a procurar traballo, senón tamén de ideas, imaxes, información e visitantes que trascenden o lugar, a rexión e maila nación (Lash e Urry, 1994). Con todo, tamén é importante apreciar como é que eses fluxos se xuntan de maneiras particulares en lugares particulares, alterando ás veces os tipos de “condicións espaciais” de clase indicados máis arriba.

Engade Urry (1994: 180): “As clases disólvense na medida e que a desigualdade se fai máis aparente. O novo réxime do “fluxo global” hanos levar a repensa-la clase de maneiras máis complexas e profundas.” Xusto despois deste breve apuntamento verbo da análise de clases, indica Urry o seu traballo previo verbo da “economía de signos e espazos”, no que colaborou con Scott Lash. Di John Urry (1994: 180): “Xa indiquei noutra obra como é que o acceso á información e a significación da información e mailas estruturas de comunicación determinan tanto a posición de clase coma o tamaño respectivo das diferentes clases.” (Lash e Urry, 1994: 319-20).

Alén das interesantes disputas conceptuais da antropoloxía contemporánea, coido que unha das aportacións verbo da localidade de máis importancia para os interesados nos procesos de comunicación é a de Appadurai (1996: 178-179). Appadurai di concibi-la localidade de xeito “primordialmente relacional e contextual, máis ca escalar ou espacial. Véxoa como unha cualidade fenomenolóxica complexa, constituída por series de conexións entre o senso de inmediatez local, as técnicas da interactividade e a relatividade dos contextos. Tal cualidade fenomenolóxica, que expresa ela propia certos tipos de acción, socialidade e reproducibilidade, é o atributo principal da localidade en canto categoría (ou asunto).”

Vemos logo que as aportacións máis recentes da antropoloxía dan con apuntes semellantes ós dun dos grandes estudosos da ilustración e das formas simbólicas, Ernst Cassirer. Quizais por iso non sexa enteira-vá a proposta de examina-la dialéctica da localidade de xeito semellante a como Adorno e Horkheimer nos fixeron reparar na dialéctica da ilustración. De non ser así, corremos-lo risco de que os comisionistas de distintas axencias se encarguen de xestionar-lo pouco sentido que nos queda.

Os medios de comunicación son institucións cruciais na organización do significado social (Hannerz, 1992). É importante que as prácticas dos medios de comunicación local, non viren prácticas formularias coma as da *Kulturindustrie* e o xornalismo repertorial corporativo (Gómez Mompert, 2002) pois, de ser así, as fórmulas do local non serán esperanzadoras e estaremos perante o que Baudrillard chamara o “efecto zoom” da comunicación. Coido que as boas fórmulas da televisión local deben ter ben presente a *Declaración de Berlín* sobre canles abertas para Europa ou as indicacións sobre medios alternativos que hai na conclusión do libro de Herman e McChesney (1997) sobre os chamados “medios globais”. A posibilidade de manter un “sentido progresista do lugar” na comunicación local, para falar coma Doreen Massey (1993), depende da defensa das institucións públicas de comunicación, depende de decisións políticas que permitan mante-la semiautonomía da esfera pública, para o dicir coas palabras de Habermas, aínda que a esfera pública como dominio de liberdade exista só en potencia, como escribiu hai pouco Tetsuro Hanada (2002), en sofisticada reflexión sobre a noción de esfera pública de Habermas e os “thirdscapes” de Edward Soja. Edward Soja partiu da tríada de Lefebvre (práctica espacial, representacións do espazo e espazos de representación) para amosa-la fecundidade de supera-lo binarismo e dar no que el chama “Thirthing as Othering”, e que eu proponho traducir provisoriamente coas palabras “terciar para alterar”<sup>9</sup>. Á hora de investigar sobre as televisións locais e a noción de localidade, convén “terciar para alterar” e apuntar un espazo que, coma os de Soja e Lefebvre é tan real coma imaxinario, pero máis alentador, ou polo menos máis indefinido, có espazo das prácticas de representación das televisións comerciais españolas que alagan Galicia. Oxalá que ese espazo polo que cómpre “terciar para alterar” no ámbito da política local non acabe someso ás leis do capital e maila mercadería<sup>10</sup>.

## Bibliografía

---

<sup>9</sup> As televisións locais poden beneficiarse da integración internacional de procesos de produción, estudada críticamente por Craig Calhoun (1992) mais, polo de agora, quizais amosen síntomas do que Urry (1995) chamou “desintegración vertical” da localidade, quere dicir, crise de xerarquía e paralela instalación de novas xerarquías vacilantes e inestables. As institucións de comunicación local requiren regulación e, no meu ver, só poden concebirse a xeito de servizo público pois, de non ser así, farán pouco máis ca facilita-lo incremento da histeria mercantil, da polución semántica e do ruído.

<sup>10</sup> Un sociólogo atento ás cuestións de comunicación e dado ás querencias fenomenolóxicas e post-fenomenolóxicas, Scott Lash (1994), indicou hai pouco que quizais estamos a pasar dunha sociedade de vivencias ou experiencias subxectivas (ou *Erlebnisgesellschaft*) a outra de “vivencias públicas” (ou *Erfahrungsgesellschaft*) como son por exemplo, as experiencias dos oficios. Dicia Lash que “a cuestión é que quizais nas diversas subculturas, nas diversas prácticas ás que nos entregamos reflexivamente, o significado está xa presente, atópase xa inscrito nesas prácticas”. Das “vivencias técnicas administradas” xa falara moi ben Rubert de Ventós en *De la modernidad*, xusto no limiar.

Coido que o paso á *Erfahrungsgesellschaft* é o caso de tódolos que non distinguen, como fixeran Adorno e Horkheimer entre a defensa ou aspiración á subxectividade soberana e, por outra banda, a triste condición de cidadanía administrada (fundada nomeadamente na compulsión e no medo á liberdade). De por parte, coido que Lash non quere acabar de ver a potencia da crítica da noción de *Kulturindustrie* de Adorno é Horkheimer, debedora da crítica do fetichismo da mercadería de Marx.

Segundo o contraste proposto por Lash entre *Erlebnisgesellschaft* e *Erfahrungsgesellschaft*, coido que en Galicia quizais esteamos a pasar da sociedade das vivencias tribais (da comunicación garantida pola pista e o poste, ou política de comunicación do P. P., que tanto votos deu en Galicia ós fascistas e que ben se pode explicar por conta do Totem e tabú de Freud, onde tamén se fala dos postes) cara a unha sociedade de vivencias tecnoalucinatorias, poño por caso as “pastis” que se venden nas discotecas e os technopastiches (sociedade de risco na experimentación da ebriedade química e rixidez psicoténica exemplificada polos bailaríns que acompañan o “Bravo por la música” de Juan Pardo e as aínda máis terribles bravatas musicais do conselleiro Pérez Varela) que só paga a pena describir cun humor semellante ó de Deleuze e Guattari.

- Appadurai, A. (1996) "The production of locality" en *Modernity at Large. Cultural Dimensions of Globalization*, Minneapolis, University of Minnesota Press, pp. 178-199.
- Augé, M. (1992) *Non-lieux. Introduction à une anthropologie de la surmodernité*, Paris, Seuil.
- Berland, J. (2000) "Baile de anxos: as técnicas culturais e a produción do espacio", *A trabe de ouro*, n. 44, t. iv, ano xi, pp. 435-453.
- Bloom, H. (2000) *El futuro de la imaginación*, Barcelona, Anagrama.
- Calhoun, C. (1992) "The Infrastructure of Modernity. Indirect Social Relationships, Information Technology, and Social integration" en Hans Haferkamp e Neil J. Smelser (eds.) *Social Change and Modernity*. Berkeley, University of California Press.
- Cassirer, E. (1997) *Antropología filosófica*, Madrid, F. C. E. (ed. or. *Essay of Man*, New Haven, Yale University Press, 1944).
- Dijk, T. A. van (1993) "Discurso, poder e acceso", *A trabe de ouro*, n. 16, t. iv, a. iv, pp. 523-546.
- Dirlik, A. (1996) "The Global in the Local" en R. Wilson e W. Dissnayake *Global/Local. Cultural Production and the Transnational Imaginary*, Durhan, Duke University Press, pp. 21-45.
- Friedman, J. (1995) "Global System, Globalization and the Parameters of Modernity" en M. Featherstone, S. Lash e R. Robertson (eds.), *Global Modernities*, Londres, Sage, 1995.
- Gómez Mompert, J. Ll., "El campo mediático y la sociedad de la información" en J. E. García-Albea (coord.), *Los límites de la globalización*. Barcelona, Ariel, 2002.
- Gupta, A. e Ferguson, J. (1997) "Beyond culture: space, identity and the politics of difference" en A. Gupta e J. Ferguson (eds.), *Culture, Power and Place*, Durham (N. C.), Duke University Press, pp. 33-51.
- Hanada, T. (2002) "Una aproximación conceptual a la esfera pública" en J. Vidal Beneyto (ed.) *La ventana global*, Taurus, Madrid, 2002.
- Hannerz, U. (1990) "Cosmopolitans and locals in World Culture" en M. Featherstone (ed.) *Global Culture. Nationalism, Globalization and Modernity*, Londres, Sage.  
(1992) *Cultural Complexity. Studies in the Social Organization of Meaning*. Nova York, Columbia University Press.
- Heidegger, M. (1988) *Identidad y diferencia*, Barcelona, Anthropos (Edición de Arturo Leyte).
- Herman, E. e R. McChesney (1997) *The Global Media: the new missionaries of corporate capitalism*. Londres, Cassell, 1997.
- Herzfeld, M. (1984) "Disemia", *Estudis Semiòtics*, 2, pp. 23-36.
- Lash, S. (1994) "Reflexivity and its Doubles: Structure, aesthetics, community" en U. Beck, A. Giddens e S. Lash, *Reflexive Modernization*, Cambridge, Polity, 110-73.  
(2002) *Critique of Information*, Londres, Sage.
- Lash, S. e J. Urry (1994) *Economies of Signs and Space*, Londres, Sage.
- Marcus, G. E. e Fischer, M. (1986) *Anthropology as Cultural Critique: An Experimental Moment in the Human Sciences*, Chicago, University of Chicago Press.

Marcuse, P. "Despolitiza-la globalización: do neo-marxismo á sociedade-rede de Manuel Castells", *A trabe de ouro*, n. 56, t. iv, a. v., pp. 465-489.

Massey, D. (1993) "Power-geometry and a progressive sense of place" en J. Bird, B. Curtis et al. (eds.) *Mapping the Futures. Local Cultures, Global Change*. Londres, Routledge.

Ortega y Gasset, J. (1998) *La rebelión de las masas*, Madrid, Castalia (Edición de Thomas Mermall).

Sklair, L. (2001) *The Transnational Capitalist Class*. Oxford, Blackwell.

Smith, M. P. (2002) "Power in Place: Rethorizing the Local and the Global" en J. Eade e Ch. Mele, *Understanding the City. Contemporary and Future Perspectives*, Oxford, Balckwell.

Sloterdijk (2001) "Técnica e xestión do mundo. Sobre o papel dos medios informativos na sociedade do mundo sincornizado", *A trabe de ouro*, n. 46, t. ii, a. xii, pp. 209-221.

Soja, E. W. (1996) *Thirdspace. Journeys to Los Angeles and other Real-and-Imagined Places.*, Oxford, Blackwell.

Urry, J. (1995a) "Society, space and locality" en *Consuming Places*, Londres, Routledge, pp. 63-73.

(1995b) "Rethinking Class" en Louis Maheu (ed.) *Social movements and Social Classes. The Future of Collective Action*. Londres, Sage, 1995.

Wernick, A. (1991) *Promotional Culture*, Londres, Sage.